



O ferrolán José Sanmartín proclámase campión do III Trofeo Galaico Duriense de San Huberto

Os días 3 e 4 de marzo a Federación de Cazadores Douro e Miño organizou a terceira edición do Trofeo Galaico-Duriense de San Huberto nos terreos da Sociedade de Caza da Bulhosa, onde se xuntaron cazadores de todo o territorio portugués, Galicia e a Comunidade de Madrid que, a pesar das duras condicións climatolóxicas ofreceron un bo espectáculo aos asistentes.

Na modalidade de San Huberto foi o ferrolán José Sanmartín que acadou o 1º posto coa súa pointer Jara da Chousa. Outro galego, Pedro Varela, non contou ca mesma sorte e un mal tiro fixolle perder as súas opcións no campionato.

No apartado de springers contamos ca representación de David Andreu cos seus dous cans Júpiter e Cha (Estrellas de Tebra), que fixeron un excelente percorrido mais o galego non estivo acertado nos disparos. Foi o madrileño José Luis Avial co seu can Lucas o que rematou no primeiro posto.



O galego José Sanmartín recollendo o premio

Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com